

## ANEXO III

## AXUDAS PERCIBIDAS NO RÉXIME DE MINIMIS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

Don/Dona , co NIF   
 e enderezo no lugar de  parroquia de   
 concello de  pertencente á ATRIA

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

En relación coa Orde do 5 de xuño 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de Agrupacións de Tratamentos Integrados na Agricultura (Atrias) e se convocan para o ano 2008.

Teño concedida/s axuda/s polo réxime *de minimis* nos últimos tres anos, polas liñas de axuda e importes e nas datas que se indican:

LÍÑA DE AXUDA	DATA	IMPORTE €
Axudas acceso á cotitularidade	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas a sistemas de almacenamento de animais mortos (conxeladores)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas aos sectores porcino e cunícola do ano 2008	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Outras <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>		<input type="text"/>

Non teño concedida ningunha axuda *de minimis* nos últimos tres anos.

Asemade autorizo / non autorizo (rísquese o que proceda) aos responsables da Atria para actuar como entidade colaboradora na xestión das axudas nos termos que indica o convenio asinado coa Consellería do Medio Rural cuxos termos coñezo.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

Director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 28 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2008.*

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, dedica o seu capítulo II ás actividades de

fomento do sector audiovisual. Dada a incidencia fundamental da actividade profesional dos/as guionistas como alicerce da industria audiovisual, esta consellería, dentro dos seus programas de fomento do audiovisual galego, convoca subvencións para a escrita individual de guións en lingua galega, coa intención de estimular a creatividade e o talento na procura dun audiovisual con identidade e mirada propias.

Por todo isto,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.**

1. Por esta orde se establécense as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Deporte para a escrita individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008.

**Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.**

1. Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 150.000 € correspondente á aplicación 12.02.432C.770.0, e que poderá ser incrementado como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 8 das bases reguladoras.

2. A axuda que se concederá asume a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía non poderá superar o importe do orzamento total do proxecto. En todo caso, o importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o custo total do orzamento da escrita do guión.

3. Así mesmo, o importe da subvención non poderá exceder, xunto coas demais axudas amparadas pola cláusula *de minimis* percibidas polo beneficiario no último período de tres anos fiscais, do límite de 200.000 euros.

**Artigo 3º.-Beneficiarios.**

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 3º das bases reguladoras.

2. A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (III e IV) poderanse obter a través do enderezo da internet [www.axenciaaudiovisualgallega.org](http://www.axenciaaudiovisualgallega.org).

**Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Cultura e Deporte, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña suscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 5º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.**

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos recollidos nesta orde será de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

**Artigo 6º.-Prazo de xustificación da subvención.**

O prazo de xustificación da realización das actividades subvencionadas rematará o 31 de outubro de 2008.

**Artigo 7º.-Información aos interesados.**

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería ([www.culturaedeporte.xunta.es/](http://www.culturaedeporte.xunta.es/)), na súa epígrafe de axudas e trámites.

b) O teléfono 881 97 59 49.

c) O enderezo electrónico [www.axenciaaudiovisualgallega.org](http://www.axenciaaudiovisualgallega.org).

d) Presencialmente.

**Disposicións derradeiras****Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.**

Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

**Segunda.-Entrada en vigor.**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

## ANEXO I

**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para a escritura individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega**

**Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.**

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o financiamento de proxectos de guiión de obras orixinais ou adaptación de obras literarias, para longametraxes de ficción, documentais ou películas para TV. A contía máxima por proxecto será de 15.000 euros.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado das axudas *de minimis*.

3. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e a fin da data de xustificación establecida na correspondente convocatoria anual.

**Artigo 2º.-Beneficiarios.**

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas naturais ou residentes en Galicia nos dous anos anteriores á data desta convocatoria.

2. Non poderán acceder ás subvencións os/as solicitantes que se encontren afectados/as por algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo quedan excluídos/as aqueles/as solicitantes que, foran beneficiarios/as de axudas nas convocatorias de axudas da Consellería de Cultura e Deporte nos dous exercicios anteriores ao da convocatoria e incumprisen as bases ou as finalidades establecidas nelas, sempre e cando foran sancionados por iso.

4. Só se admitirá un proxecto de guiión por solicitante.

**Artigo 3º.-Solicitudes.**

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación administrativa:

a) Fotocopia do DNI do/a guionista solicitante.

b) Declaración subscripta polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido.

c) Declaración de autorización expresa do/s propietario/s dos dereitos da obra preexistente.

d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste: ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.

e) Certificado de empadramento en Galicia do/a solicitante residente en Galicia.

3. Ademais da documentación anterior, achegaranse cinco exemplares encadernados da seguinte documentación técnica:

a) Historial profesional do/a solicitante.

b) Memoria explicativa do proxecto cunha extensión mínima de cinco páxinas, onde se inclúa unha reflexión sobre a viabilidade do proxecto no audiovisual galego.

c) Sinopse argumental cunha extensión máxima dunha páxina.

d) Tratamento ou argumento do proxecto de guiión, cunha extensión mínima de 20 páxinas a dobre espazo.

e) Se o proxecto é un guiión orixinal: declaración subscripta polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido. Se é un guiión adaptado: declaración de autorización expresa do/s propietario/s dos dereitos da obra preexistente.

f) Orzamento detallado do proxecto.

4. A documentación técnica dos proxectos que non fosen subvencionados poderá ser retirada a petición dos solicitantes no prazo de seis meses a partir da data da resolución de adxudicación. En todo caso, e transcorrido o dito prazo esta documentación será destruída co obxecto de garantir a confidencialidade dos datos.

**Artigo 4º.-Consentimentos e autorizacións.**

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto nos artigos 20.4º e 31.7º da

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectivamente.

Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado/a.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

#### Artigo 5º.-*Órganos competentes.*

A Dirección xeral de creación e difusión cultural da Consellería de Cultura e Deporte será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle á conselleira de Cultura e Deporte ditar a resolución de concesión da subvención.

#### Artigo 6º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación,

ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

#### Artigo 7º.-*Comisión de valoración.*

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes, de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A comisión de valoración estará formada por expertos/as independentes nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte, e será presidido polo director xeral de Creación e Difusión Cultural. Da comisión formarán parte catro vogais, profesionais de recoñecido prestixio nas diferentes áreas e funcións da industria audiovisual, actuando como secretario un funcionario da Consellería de Cultura e Deporte, con voz e sen voto. Os membros das comisións de expertos/as declarararán por escrito non ter relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

3. As decisións do comité de expertos/as especificarán a avaliación que lles corresponde en aplicación dos criterios de avaliación e asignarán as cantidades específicas para cada proxecto, ata esgotar o crédito dispoñible, e respectando as porcentaxes máximas de investimento subvencionable en función das súas características e posibilidades de financiamento.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións.

#### Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 40 puntos):

a) Calidade, creatividade e orixinalidade dos proxectos. (10 puntos).

b) A contribución á emerxencia dun audiovisual con mirada propia ou que contribúan a innovación e diversidade da linguaxe audiovisual (10 puntos).

c) Viabilidade da execución do proxecto, unha vez desenvolvido o guión, no marco da industria audiovisual galega. (10 puntos).

d) Currículo profesional do/a guionista solicitante. (5 puntos).

e) Grao de cumprimento do solicitante nas subvencións outorgadas por esta consellería en convocatorias anteriores (ata 5 puntos).

*Artigo 9º.-Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emitirá o informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor elevaralle o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución á conselleira.

2. A conselleira, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de catro meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.5º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Deporte. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

*Artigo 10º.-Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Cultura e Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

*Artigo 11º.-Modificación da resolución.*

A alteración substancial das condicións definitivas do proxecto consideradas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que non estivesen recollidas no plano de financiamento presentado en cumprimento do artigo 3º destas bases reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

*Artigo 12º.-Aceptación e renuncia.*

1. Os beneficiarios deberán enviar unha ficha do proxecto debidamente cuberta para a súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura e Deporte, segundo o modelo do anexo IV.

2. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderá facerse axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a conselleira ditará a correspondente resolución no termos do artigo 42.1º da mesma lei.

*Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.*

1. Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados/as a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. Calquera alteración relevante do proxecto, deberá ser notificada con anterioridade á Consellería de Cultura e Deporte, que adoptará as medidas que considere procedentes.

2. Os beneficiarios dan autorización expresa á Consellería de Cultura e Deporte para a utilización da produción subvencionada nas súas actividades de promoción e difusión.

3. Nos títulos de crédito de toda produción baseada nos guións subvencionados, así como na publicidade que dela se faga, farase constar expresamente que recibiu unha subvención para a escrita de guións en lingua galega por parte da Consellería de Cultura e Deporte, segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

#### Artigo 14º.-*Xustificación da subvención.*

O/A beneficiario/a deberá presentar no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, tendo de prazo até a data indicada na correspondente convocatoria anual, a conta xustificativa da realización do proxecto subvencionado que conterà:

1. Unha memoria de actuación con indicación das actividades realizadas para a escrita do guión, por duplicado.

2. Cinco exemplares do guión definitivo en lingua galega.

3. Certificado de inscrición do guión no Rexistro de Propiedade intelectual por duplicado.

4. Autorización para a socialización da actividade subvencionada con fins culturais e de promoción do audiovisual galego, por parte da Consellería de Cultura e Deporte.

5. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà por duplicado:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe, e a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE.

b) Facturas ou documentos, orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

6. Así mesmo, antes do derradeiro pagamento, o solicitante presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para un mesmo proxecto, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, de acordo coa Resolución do Consello de Contas do 30 de novembro de 1999, no que se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas.

#### Artigo 15º.-*Pagamento.*

1. Con carácter excepcional e por resolución motivada da Consellería de Cultura e Deporte poderá autorizarse un anticipo de ata o 50% da subvención. Para recibir o anticipo deberá presentarse:

a) Petición do libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

2. O importe restante, tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 14º.

3. Para recibir a totalidade da subvención será preceptivo o informe positivo de conformidade do comité de expertos/as, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a presentación dos cinco exemplares do guión definitivo.

#### Artigo 16º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria, ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-*Control.*

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

2. Ademais, deberanlle facilitar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural toda a información e documentación complementaria que esta estime precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

#### Artigo 18º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado das axudas *de minimis* e na restante normativa que resulte de aplicación.



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA  
 E DEPORTE

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A ESCRITA INDIVIDUAL DE GUIÓNS DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS EN LINGUA GALEGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD207E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF /DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

**DATOS DO PROXECTO DE GUIÓN**

FORMATO DO PROXECTO
TÍTULO DO PROXECTO
XÉNERO DO PROXECTO

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ADXUNTA**

<p><b>DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA</b></p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI DO/A GUIONISTA SOLICITANTE.</p> <p><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN SUBSCRITA POLO/A SOLICITANTE DE QUE O PROXECTO É OBRA ORIXINAL E NON FOI DESENVOLVIDO.</p> <p><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AUTORIZACIÓN EXPRESA DO/S PROPIETARIO/S DOS DEREITOS DA OBRA PREEXISTENTE.</p> <p><input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA ORIXINAL.</p> <p><input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO EN GALICIA.</p>	<p><b>DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (5 EXEMPLARES)</b></p> <p><input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO.</p> <p><input type="checkbox"/> SINOPSE ARGUMENTAL.</p> <p><input type="checkbox"/> HISTORIAL PROFESIONAL DO/A AUTOR/A.</p> <p><input type="checkbox"/> TRATAMENTO OU ARGUMENTO CINEMATOGRÁFICO DO PROXECTO DE GUIÓN.</p> <p>SE O PROXECTO É UN GUIÓN ORIXINAL: DECLARACIÓN SUBSCRITA POLO/A SOLICITANTE DE QUE O PROXECTO É OBRA ORIXINAL E NON FOI DESENVOLVIDO. SE O GUIÓN É ADAPTADO: DECLARACIÓN DE AUTORIZACIÓN EXPRESA DOS PROPIETARIOS DOS DEREITOS DA OBRA PREEXISTENTE.</p> <p><input type="checkbox"/> ORZAMENTO DETALLADO DO PROXECTO.</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**Autorízase a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a:**

- 1.- Comprobar, para as axudas a investimentos, ou cumprimento, pola entidade, das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.
- 2.- A incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 28 de maio de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita individual de guiños de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2008.</i></p>
<p>SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		

## ANEXO III

## MODELO DE RENUNCIA

D/Dna [ ] con DNI nº [ ] actuando en  
 nombre y representación de [ ] con enderezo  
 en [ ]

## MANIFESTA

Que o día [ ] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde de [ ] pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a escritura individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2008, para o proxecto [ ] por unha contía de [ ] (euros).

## DECLARA

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Lugar e data*

, de de 200  
*Sinatura*

## ANEXO IV

## FICHA DO PROXECTO

TÍTULO:	[ ]
XÉNERO:	[ ]
FORMATO: <sup>(1)</sup>	[ ]
GUIONISTA/AS (NO CASO DE SER MAIS DUN GUIONISTA)	[ ]
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO (MÁXIMO 25 LIÑAS)	[ ]
ARGUMENTO (MÁXIMO 50 LIÑAS)	[ ]
CURRICULUM BREVE DO/OS GUIONISTAS:	[ ]
CORREO ELECTRÓNICO:	[ ]
TELÉFONO:	[ ]
WEB	[ ]